



**BASES PARA A SELECCIÓN DO PERSOAL DOCENTE DO OBRADOIRO DE EMPREGO "FORUM 4,0"- CONCELLO DE LUGO.**

**Primeira .- Obxecto.**

Estas bases teñen como finalidade, de conformidade co previsto no artigo 11 da orde do 4 de maio de 2018 da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dirixidos a persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2018 (DOG nº97, do 23 de maio de 2018), establecer o sistema, requisitos, baremos ou probas que se aplicarán na selección do persoal docente que participará no obradoiro de emprego "Doc - Tic ", promovido polo Concello de Lugo e subvencionado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Postos convocados: 2 monitores, tendo en conta as especialidades formativas que se van a impartir no obradoiro de emprego

- 1 Monitor de confección e publicación páxinas Web.
- 1 Monitor de Xestión de Márketing e comunicación.

**Segunda.- Características dos contratos de traballo**

Os contratos de traballo que subscribirá a entidade promotora coas persoas candidatas seleccionadas terán carácter temporal, por un período de seis meses, e serán a tempo completo.

As persoas que resulten seleccionadas estarán sometidas ó réxime de incompatibilidades que determina a lexislación vixente, debendo permanecer no obradoiro de emprego durante a xornada de traballo.

De conformidade co establecido no artigo 13 da Orde do 4 de maio de 2018 da Consellería de Economía, Emprego e Industria, non é aplicable a este proceso selectivo a normativa establecida para os procedementos de selección de persoal das distintas administracións públicas, aínda que a entidade promotora sexa un organismo público. As persoas seleccionadas non se considerarán incluídas nos correspondentes cadros de persoal ou relacións de postos de traballo, e consecuentemente, non será precisa oferta de emprego pública previa.

**Terceira.- Funcións do posto de traballo de monitor**

- Desenvolverán a súa actividade educativa, para o adecuado desenvolvemento dos programas formativas, dentro dun marco pedagóxico e didáctico que permita ás persoas alumnas traballadoras obter o maior beneficio, de acordo coas directrices do proxecto do Obradoiro de emprego.
- Tomar as medidas necesarias para que se cumpra o estipulado na normativa vixente sobre Seguridade e Saúde no traballo.
- Serán os responsables de impartir o ensino teórico-práctico correspondente á especialidade formativa que van impartir, e da aprendizaxe das persoas alumnas.
- Colaborarán co director na realización da programación (de conformidade co disposto no certificado de profesionalidade) e nas probas de avaliación periódicas, así como na planificación das tarefas produtivas, e serán os responsables do cumprimento dos obxectivos propostos.
- Serán os responsables do control de asistencia e produtividade das persoas alumnas traballadoras do obradoiro, debendo facilitar de forma obrigatoria semanalmente os partes diarios de traballo de cada traballador participante, o control de asistencia correspondente ó mencionado período.
- Elaborarán nas datas e forma que o director lles fixe, unha lista global das necesidades de materiais, maquinaria, ferramentas, medios auxiliares, etc., necesarios para o normal desenvolvemento da actividade.
- Realizarán o control de recepción dos pedidos, realizando listas periódicas, datadas, numeradas e debidamente detalladas dos mesmos e custodiarán os albarás ata a súa entrega ao director do obradoiro de emprego.
- Colaborarán coa dirección nos labores de tutoría das persoas alumnas traballadoras, comunicando a estas as incidencias que ocorran no obradoiro.





- Monitor de Xestión de Márketing e comunicación:
  - Estar en posesión dunha das seguintes titulacións:
    - Grado en Comunicación Audiovisual
    - Grado en xornalismo

Experiencia mínima de 24 meses na ocupación

#### Quinta.- Baremo

##### 1. Méritos

Os méritos que se valorarán son os que de seguido se relacionan e deberán acreditarse mediante orixinais ou copias compulsadas:

##### I) Experiencia profesional/docente:

- Experiencia como monitor/a en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou cursos de formación ocupacional, na especialidade formativa obxecto da convocatoria e coa categoría profesional e ocupación esixidas nas presentes bases: 0,25 puntos por cada seis meses completos ata un máximo de 1 punto.
- Experiencia profesional, exceptuando a de escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou cursos de formación ocupacional, en postos de traballo da especialidade obxecto da convocatoria e a ocupación esixidas nas presentes bases: 0,25 puntos por cada seis meses completos nos últimos 10 anos ata un máximo de 3 puntos.

A puntuación máxima que pode acadarse neste apartado será de 4 puntos.

O período mínimo de experiencia exixido polo Real decreto que regula o certificado de profesionalidade, e que é imprescindible para participar no proceso selectivo, non poderá ser obxecto de valoración neste apartado.

A experiencia profesional acreditarase:

- ✓ no caso de traballador por conta allea: certificación de vida laboral expedida pola Seguridade Social xunto con contratos de traballo e/ou recibos de salarios, así como por calquera outro medio que permita ter constancia fidedigna da dita experiencia profesional na categoría profesional e a ocupación esixidas nas presentes bases.
- ✓ no caso de traballadores autónomos: mediante certificación de vida laboral expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social na que conste o epígrafe de cotización e certificación da Agencia Tributaria dos períodos de alta no IAE.
- ✓ no caso de traballos realizados no estranxeiro: mediante certificación oficial na que conste a ocupación ou profesión exercida e coa categoría profesional e a ocupación esixidas nas presentes bases e os seus períodos de tempo.

##### II) Cursos realizados:

- ✓ Cursos de 20 a 49 horas lectivas: 0,20 puntos.
- ✓ Cursos de 50 a 99 horas lectivas: 0,30 puntos.
- ✓ Cursos de 100 ou máis horas lectivas: 0,50 puntos.

Os cursos acreditaranse co diploma correspondente, no que necesariamente deberán de figurar no dorso os contidos do mesmo e ter sido impartidos por entidades públicas. De non figurar na documentación acreditativa a súa duración en horas, non serán obxecto de valoración.

En ningún caso serán valorados aqueles cursos ou asignaturas integrantes dun título académico, Máster ou outra Titulación de Postgrao. Tampouco serán valorados módulos ou unidades formativas que formen parte dun mesmo curso. nin xornadas, congresos, simposios...

A puntuación máxima que pode acadarse neste apartado será de 2 puntos.



III) Coñecementos de lingua galega:

- ✓ Curso de iniciación: 0,25 puntos.
- ✓ Curso de perfeccionamento: 0,50 puntos

Estas puntuacións non serán acumulables entre si, valorándose só a superior, polo que a puntuación máxima que se pode acadar neste apartado será de 0,50 puntos.

Estes cursos acreditaranse co diploma ou certificación correspondente.

Só se concederá validez polo que á acreditación do galego se refire aos cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, dependente da Presidencia da Xunta de Galicia.

## 2. Entrevista persoal

Unha vez valorados os méritos pasarase á celebración da entrevista coa persoa candidata coa finalidade de determinar as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria.

A puntuación máxima que se pode acadar nesta fase será de 2,5 puntos.

## Sexta.- Oferta de emprego

Unha vez constituído o grupo de traballo mixto, e aprobados os criterios de selección das persoas candidatas que van participar no obradoiro de emprego, presentarase dúas ofertas na oficina de emprego de Lugo, para a súa tramitación, establecéndose como parámetros da sondaxe os seguintes

### OFERTA 1

- Ámbito xeográfico: Concello de Lugo. De non atoparse candidatos ampliarase aos concellos limítrofes ata acadarse o número máximo de 3 candidatos. Se fose necesario ampliarase a sondaxe ao ámbito provincial ou autonómico.
- Número de candidatas a remitir pola oficina de emprego: 3 candidatas por posto
- Número de postos: 1
- Ocupación: Técnico superior en Diseño Gráfico, Técnico superior en Realización Audiovisual, Grado superior en Fotografía Artística
- Requisitos: según bases

### OFERTA 2

- Concello de Lugo. De non atoparse candidatos ampliarase aos concellos limítrofes ata acadarse o número máximo de 3 candidatos. Se fose necesario ampliarase a sondaxe ao ámbito provincial ou autonómico.
- Número de candidatas a remitir pola oficina de emprego: 3 candidatas por posto
- Número de postos: 1
- Ocupación: Grado en Comunicación Audiovisual ou Grado en xornalismo
- Requisitos: según bases

A oficina de emprego remitirá ao grupo de traballo mixto a relación das persoas candidatas resultado da oferta, na medida do posible, tres por posto.

As persoas preseleccionadas pola oficina serán convocadas por carta, na que se sinalará o lugar, día e hora á que deberán asistir para realizar a selección, indicándolles así mesmo que deberán de facelo provistos da documentación, en orixinal ou copia compulsada, que acredite os seus méritos, así como dunha copia para entregar ao grupo mixto.



A selección terá lugar no CEI NODUS, Concello de Lugo.

Se o grupo de traballo así o acordase, despois de efectuadas as actuacións que estime oportunas e de remitida a antedita oferta de emprego á oficina de emprego, poderá darlle publicidade a dita oferta mediante a súa exposición nos taboleiros da oficina de emprego de Lugo e no Concello de Lugo.

#### **Sétima- Procedemento de selección**

As actividades selectivas terán por finalidade determina-la adecuación das persoas candidatas ao posto de traballo ofertado e consistirán nunha valoración de méritos e na celebración dunha entrevista persoal.

A tal fin, e de conformidade co previsto na base 6ª, os candidatos deberán comparecer provistos da documentación que acredite os seus méritos, co obxecto de que sexa avaliada polo grupo mixto.

Os méritos a valorar no apartado de formación e experiencia profesional previa e a puntuación que poda corresponder a cada un, son os previstos na base quinta. A puntuación total máxima que se poderá acadar na dita valoración de méritos é de ata 6,5 puntos.

A continuación da avaliación dos méritos, e no mesmo acto, o grupo de traballo mixto procederá a entrevistar a cada un dos aspirantes coa finalidade de coñecer as súas capacidades persoais e profesionais para desempeñar o posto de traballo ofertado, entrevista que se valorará cun máximo de 2,5 puntos.

Finalizado o proceso de selección, o grupo de traballo mixto procederá ao establecemento das puntuacións finais das persoas candidatas que teñan participado no proceso de cobertura da oferta de emprego; puntuacións que virán dadas pola suma dos puntos acadados na valoración de méritos e na entrevista persoal e determinarán a orde de prelación das persoas aspirantes para a súa ulterior contratación pola entidade promotora.

Terán preferencia as persoas que en igualdade de condicións de cumprimento do perfil requirido se atopen en situación de desemprego.

Se todas as persoas candidatas están en situación de desemprego, para dirimir os empates estarase a:

- 1º. Á puntuación obtida no apartado de experiencia profesional/docente.
- 2º. Á puntuación obtida no apartado de cursos recibidos.
- 3º. A persoa de maior idade.

Finalmente, serán obxecto de exposición pública no taboleiro de anuncios do concello de Lugo e na súa páxina web as puntuacións finais dos declarados aptos, o nome do candidato proposto para ser contratado pola entidade promotora e a lista de reserva.

#### **Oitava- Admisión**

A entidade promotora estará obrigada a contratar á persoa que sexa proposto polo grupo de traballo mixto atendendo as puntuacións finais, sempre e cando cumpra cos requisitos que figuran nestas bases, para o que deberá aportar á entidade promotora do proxecto para a súa contratación certificado médico oficial, no que se certifique que a persoa interesada non padece enfermidade nin está afectada por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño dos traballos a realizar no obradoiro de emprego " e declaración xurada de non ter sido separada, mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin ter sido inhabilitada para o exercicio da función pública.

Non obstante o anterior, si o candidato proposto para a contratación renunciase ou non estivese dispoñible para o emprego, o grupo de traballo propondrá a aquel aspirante que acadase a seguinte mellor puntuación final. No suposto de que xa non quedasen aspirantes que houberen superado o proceso selectivo, procederíase a iniciar un novo procedemento selectivo, axustándose a estas bases.



**Novena.- Incidencias e reclamacións.**

2.- As incidencias e reclamacións que puideran derivarse do proceso de selección, presentaranse ante o grupo de traballo mixto para a selección no prazo de 2 días naturais a contar dende o seguinte a publicación das actas e serán resoltas polo grupo de traballo mixto, sen que caiba ulterior recurso en vía administrativa.

**Décima.- Publicidade das bases:**

Estas bases serán publicadas nas páxinas web do Programa operativo de emprego xuvenil (<http://garantiaxuvenil-des.conselloriadefacenda.gal>) e da entidade promotora, así como nos taboeiros de anuncios desta última e nos da oficina de emprego que tramite a oferta.

Lugo, 12 de setembro de 2018

María Soledad González Neira

Norman Javier Veiga Alvarez

Emilio Rodil Cotarelo

Francisco Quinzá-Torroja García